

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 30 de xaneiro de 2020**

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o trinta de xaneiro do ano dous mil vinte, ás dez horas, réunese a Xunta de Goberno da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

Deputados/as:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. Jorge Pumar Tesouro

D. César Manuel Fernández Gil

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Ausentes:

D. José Manuel Baltar Blanco

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Luz Doporto Real

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 24 DE XANEIRO DE 2020.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 24 de xaneiro de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA VII EDICIÓN DO PREMIO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA DE DEBUXO E REDACCIÓN ESCOLAR.

A Deputación de Ourense considera a oportunidade de conmemora-la aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia e contribuír á difusión e coñecemento do seu contido e significado entre a poboación escolar, podendo participa-los estudantes dos niveis educativos de infantil e primaria, educación especial e ensinanza secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclo medio de formación profesional, tanto de centros públicos, concertados ou privados da provincia de Ourense.

Polo exposto, unha vez vistas as bases que rexen a convocatoria do citado premio, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-las bases e a convocatoria da VII edición do Premio Estatuto de Autonomía de Galicia de debuxo e redacción escolar, correspondente á anualidade 2020, con suxeición ás seguintes cláusulas:

A. Obxecto:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria e procedemento para a concesión do VII Premio Estatuto de Autonomía de Galicia de debuxo e redacción escolar, correspondente á anualidade 2020.

O lema desta sétima edición do concurso é “**A defensa da identidade de Galicia: a Xeración Nós**”.

B. Participantes:

Poderán participar neste concurso os estudantes dos niveis educativos de infantil, primaria, educación especial e ensino secundario obrigatorio, bacharelato e ciclo medio de formación profesional, de centros de ensino xeral tanto públicos coma concertados ou privados, da provincia de Ourense.

Os alumnos dos niveis educativos citados realizarán os seus traballos de xeito individual.

C. Modalidades:

1.- Os alumnos de educación infantil e primaria, así como os de educación especial, presentarán un debuxo ou traballo artístico que deberá facer referencia ao lema do concurso. Será presentado nun folio ou cartolina en branco, tamaño A4, non terá relevos e a técnica a empregar será libre.

2.- Os alumnos de ensino obrigatorio, bacharelato e ciclo medio de formación profesional, deberán presentar unha redacción sobre o Estatuto de Autonomía, cunha extensión mínima de sete folios e máxima de doce, escrita en galego, a man ou en ordenador, por unha soa cara e a dobre espazo.

Se o traballo se fai en ordenador, o tipo e tamaño de letra será Arial 12. O traballo literario poderá ser ampliado ou complementado con fotografías, recortes de prensa, etcétera.

Os traballos poderán presentarse en papel ou en soporte electrónico cunha tecnoloxía que permita a súa visualización nun entorno Windows. O autor poderá entregar un CD/DVD coas aplicacións reinstaladas que permitan a visualización sen ningún tipo de instalación en disco.

D. Normas de entrega dos traballos:

Os traballos poderán ser presentados polos alumnos ou os seus representantes legais, empregando o modelo anexo I, ou de forma colectiva polos responsables dos centros docentes, empregando o modelo anexo II. Os traballos poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como no Rexistro Xeral da Deputación Provincial, que mantén a súa operatividade ao abeiro do establecido na Disposición final 7ª da devandita Lei 39/2015, ata as 14.00 horas do día 16 de marzo de 2020.

Segundo o nivel educativo ao que pertencen os concursantes, terase en conta o seguinte:

1.- Alumnos de educación infantil, primaria e educación especial:

Figurará no reverso do traballo o nome do estudante, idade, enderezo, teléfono fixo e móbil se o tivese, colexio e curso.

2.- Alumnos de ensino secundario obrigatorio, bacharelato e ciclo medio de formación profesional.

Figurarán nun folio separado do traballo, os datos do autor, nome, idade, enderezo, teléfono fixo e móbil se o tivera, colexio e curso.

Se o soporte fose electrónico, estes datos deberán figurar nun folio ou etiqueta que non vaia pegada ao CD/DVD.

E. Xurado do concurso:

O xurado encargado de cualificar os traballos presentados estará conformado como segue:

- Presidente: o presidente da Deputación de Ourense.
- Vicepresidente: o deputado da Área de Cultura.
- Vogais: un representante de cada un dos grupos políticos con representación no Pleno da Deputación, designado por estes.
- Secretario: o asesor de Política Cultural, con voz pero sen voto e coas atribucións propias dun secretario de actas.

Os titulares, se por algunha circunstancia o consideran necesario, poderán delegar as súas funcións nas persoas que estimen oportunas.

O xurado resolverá o concurso por maioría simple, facultándose para a interpretación destas bases en caso de que xurdiran dúbidas sobre a súa aplicación. O ditame do xurado, que será inapelable, farase público o día 30 de marzo.

F. Criterios de selección dos traballos:

Para cualificar os traballos, o xurado terá en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- a.- Que o traballo presentado se axuste ao tema do concurso.
- b.- A corrección ortográfica.
- c.- A limpeza e coidado na súa presentación.
- d.- A orixinalidade e creatividade do traballo.

G. Premios:

Na modalidade de debuxo, o xurado seleccionará os 20 mellores debuxos, tendo en conta cada un dos niveis educativos, así como os diferentes cursos e idades dos participantes, que serán premiados cun diploma e un lote de libros.

Na modalidade de redacción, o xurado seleccionará os 20 mellores traballos, tendo en conta os niveis educativos, cursos e idades dos participantes, que serán premiados cun diploma, un lote de libros e unha viaxe a Santiago de Compostela para visitar o Parlamento de Galicia, e realizar algunha outra actividade cultural.

H. Entrega de premios:

Os premios serán entregados no transcurso dun acto institucional, presidido polo presidente da Deputación, que terá lugar o día 6 de abril de 2020, para conmemorar o día do Estatuto de Autonomía de Galicia.

I. Disposición derradeira:

A participación neste concurso leva implícito por parte dos participantes a cesión á Deputación de Ourense dos dereitos de reprodución, edición e comunicación dos traballos presentados, sempre que esta se realice con carácter gratuíto.

Da mesma maneira, enténdese o consentimento por parte dos participantes, para que a Deputación de Ourense e o Parlamento de Galicia poidan publicar imaxes dos alumnos gañadores nas diferentes actividades englobadas no contexto do propio concurso.

2º.- Publicar este acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial, para coñecemento e efectos oportunos.

ANEXOS:

Anexo I: Modelo para a presentación individual de traballos para o VII Premio Estatuto de Autonomía convocado pola Deputación Provincial de Ourense

D/D^a, con DNI e domicilio para efectos de notificacións en teléfono de contacto e e-mail de contacto..... actuando en nome propio / en representación de

EXPÓN:

Que, anexo a este escrito, presenta o seguinte traballo ao concurso para o VII Premio Estatuto de Autonomía convocado pola Deputación Provincial de Ourense:

Modalidade: Debuxo Redacción (táchese o que non proceda)

Autor: (nome e apelidos do autor, curso e nivel educativo no que está matriculado e centro escolar).

Ourense, de de 2020

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anexo II: Modelo para a presentación colectiva de traballos para o VII Premio Estatuto de Autonomía convocado pola Deputación Provincial de Ourense

D/D^a, con DNI e domicilio para efectos de notificacións en teléfono de contacto e e-mail de contacto..... actuando como responsable do centro educativo

EXPÓN:

Que, anexo a este escrito, presenta os seguintes traballos ao concurso para o VII Premio Estatuto de Autonomía convocado pola Deputación Provincial de Ourense:

Modalidade: Debuxo

Autores: (nome e apelidos dos autores, curso e nivel educativo no que están matriculados).

Modalidade: Redacción

Autores: (nome e apelidos dos autores e curso de ESO no que están matriculados).

Ourense, de de 2020

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

3.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A PERSOAS QUE LEVEN A CABO PROXECTOS EMPRESARIAIS E DE AUTOEMPREGO EN CONCELLOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN, NO MARCO DO PROXECTO EMPRENDOU.- A Área de

Benestar, con data 24 de xaneiro de 2020, emitiu un informe en relación coas solicitudes conformes presentadas á convocatoria de subvencións para proxectos empresariais e de autoemprego en concellos rurais de menor poboación, no marco do proxecto emprendOU, financiado polo programa operativo de emprego xuvenil do fondo social europeo (Axudas EMP-POEJ) (BOP n.º 121, do mércores, día 29 de maio de 2019).

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

Concederlles unha subvención, no concurso público de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de autoemprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense, no marco do proxecto emprendOU, ás persoas identificadas e pola contía indicada a continuación:

	NOME E APELIDOS	DNI	CONCELLOS	PROXECTO	TEMPO MÁXIMO SUBVENCIÓN	IMPORTE MENSUAL	IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN
1	AITOR MANSO PEREZ	***7489**	XINZO DE LIMIA	EDUCACIÓN DEPORTIVA E RECREATIVA	12 MESES	675€	8.100€
2	BRIANI SANDEZ CHACON	***3606**	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	COMERCIO AO POR MAIOR DE BEBIDAS	12 MESES	675€	8.100€
3	DIEGO GONZALEZ GOMEZ	***6244**	A PEROXA	ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL	12 MESES	675€	8.100€
4	JAVIER FERNANDEZ BABARRO	***6440**	TABOADELA	MAQUILLADORES E ESTETICISTAS	12 MESES	675€	8.100€
5	SANDRA GARCIA RIVERA	***3540**	A BOLA	OUTROS CAFES E BARES	12 MESES	675€	8.100€

6	ARACELI MACIAS GARCIA	***2970**	A VEIGA	PERSOAL DOCENTE ENSINANZAS DIVERSAS	12 MESES	675€	8.100€
7	ADRIAN ABAD RODRIGUEZ	***5905**	BALTAR	COM.MAY.CEREAIS, PLANTAS, ABONOS, ANIMAIS	12 MESES	675€	8.100€

4.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN RELATIVO Á OBRA DE “AMPLIACIÓN, PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN DA RÚA CASANOVA, NO MUNICIPIO DE LEIRO.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación relativo á obra de “ampliación, pavimentación e humanización da rúa Casanova, no municipio de Leiro, das seguintes parcelas:

Parcela expediente	Referencia catastral	Tipo parcela	Propietario	M2
A	2012801NG7921S0001ZQ	Solo urbanizado	Cándido Pérez Pérez /Carmen Pajarín Corbal	56,90
B	2012805NG7921S0001AQ	Solo urbanizado	José Fernández Martínez	118,90

2º.- Abrir un período de información pública polo prazo de 1 mes, de conformidade coa lexislación vixente.

5.- SUBVENCIÓN Ó CLUB OURENSE BALONCESTO SAD PARA O FOMENTO DO DEPORTE: GASTOS DE FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DO CLUB. TEMPADA 2019-2020.- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2020, e con cargo á aplicación 482.02-341.11, unha subvención nominativa por importe de 216.000,00 euros, a favor do Club Ourense Baloncesto SAD para o fomento do deporte.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

Aprobar unha subvención a favor Club Ourense Baloncesto SAD, nos seguintes termos:

-Importe: 216.000,00 €.

-Obxecto: fomento do deporte: gastos de funcionamento e mantemento do club. Tempada 2019-2020.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, balance da entidade correspondente aos anos 2019-2020, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos

simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de xullo de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

6.- SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE SANDIÁS PARA SUBSTITUCIÓN DE CADROS XERAIS DE BT E DAS CPM DAS ILUMINACIÓNS PÚBLICAS DAS POBOACIÓNS DO TESIÑO, LAVANDEIRA, CORGA, LADEIRA E FONTELA.

- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2019 de modificación das bases de execución do actual orzamento, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 17.109,00 euros a favor do Concello de Sandiás, para renovación cadros de luz.

A Sección de Subvencións comprobou que a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

Aprobar unha subvención ao Concello de Sandiás, nos seguintes termos:

-Importe: 12.523,50 euros.

-Obxecto: “Substitución de cadros xerais de B.T. e das C.P.M. dos alumeados públicos das poboacións de O Tesiño, Lavandeira, Corga, Ladeira e Fontela”.

Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, (12.523,50 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 1 de xuño de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e quince minutos, do referenciado día trinta de xaneiro do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.